

O CADRO DE PERSOAL DE REGANOSA ROMPE O SEU TEITO AO VERSE INCREMENTADO NUN 8,5 %

- A primeira multinacional galega da enerxía inicia un proceso de selección de persoal para consolidar a súa expansión incorporando a unha decena de enxeñeiros recentemente titulados

MUGARDOS, 31 de xullo de 2019.-

Ao incrementalo nun 8,5 %, Reganosa superará en breve o seu marca de cadro de persoal. Con esta operación, a primeira multinacional galega da enerxía cumpre os obxectivos do seu plan estratéxico e consolida a súa expansión.

Reganosa iniciou hoxe un proceso de captación de persoal para incorporar ao seu equipo a dez novos enxeñeiros. Cando a selección conclúa, nas próximas semanas, o grupo pasará a contar con 127 traballadores, o número máis alto dende a fundación da compañía en 1999. Son case o dobre que ao peche de 2014.

A empresa busca en estes momentos dez titulados superiores en enxeñería industrial, química, naval ou equivalente, como se indica na oferta que os aspirantes poden consultar accedendo ao perfil corporativo en LinkedIn e a través da web (www.reganosa.com). Os contratados seguirán un intenso plan de formación integral que os levará a coñecer o proceso produtivo e as diferentes liñas de negocio do grupo.

Nestes momentos, o cadro de persoal do holding compóñeno os 76 traballadores de Regasificadora del Noroeste, que é o xestor da rede de transporte gasista (TSO) e propietario da terminal de gas natural licuado do porto de Ferrol; 17 de Reganosa Servicios, que opera a nivel internacional; e 24 de Reganosa Malta, que pende da anterior sociedade e dedícase a explotar e manter a regasificadora de Delimara. Ao igual que o terán os dez novos enxeñeiros, 83 dos empregados actuais teñen o seu posto en Mugardos, mentres que os restantes distribúense entre a terminal de GNL de Malta, a planta de Al-Zour (Kuwait) e as oficinas que en Bruselas (Bélxica) ten Entsog, un organismo centrado en mellorar a cooperación entre os TSO europeos.

Como grupo consolidado, global e en crecemento, Reganosa conta cun cadro de persoal novo (38,7 anos de media) e formado (95 % de titulados medios ou superiores).